

Autor: GIL GALVÁN, M^a R.
Ano: 2005
Título: *La dialéctica Mujer-Empleo: análisis de una realidad social, política, laboral y educativa*
Lugar: Málaga
Editorial: Aljibe

A incorporación da muller ao mundo do traballo constitúe un dos procesos sociolóxicos e económicos máis representativos das últimas décadas. O camiño percorrido foi moito e os avances non poucos; pero a pesar de todo o que se logrou, as mulleres no século XXI seguen estando en condicións desvantaxosas ante o emprego e continúan padecendo discriminacións que obstaculizan seriamente o seu desenvolvemento profesional.

A realidade móstranos que, tanto en España como no resto de países dos nosos arredores, as condicións coas que acceden as mulleres ao mercado laboral son marcadamente desiguais. As mulleres son as que padecen en maior medida o desemprego, as que desempeñan traballos en condicións máis precarias e teñen menos posibilidades de promoción. Ademais, seguen accedendo ao emprego en maior medida que os homes, a través de contratos a tempo parcial e en actividades de baixa cualificación, e perciben, en ocasións, un salario inferior ao dos homes por un traballo de igual valor.

Esta realidade sociolaboral claramente discriminatoria pon de manifesto que a igualdade xurídica en materia laboral non se traduciu nunha igualdade real. As mulleres continúan, hoxe en día, enfrontándose a múltiples obstáculos que teñen a súa orixe na división sexual do traballo e en toda unha serie de valores, prexuízos e estereotipos sociais que dificultan a súa inserción e permanencia no mercado de traballo.

M^a Rosario Gil Galván, profesora da Universidad de Sevilla e autora da obra que ocupa este comentario, *La dialéctica Mujer-Empleo: análisis de una realidad social, política, laboral y educativa*, soubo reflectir perfectamente a problemática laboral das mulleres, tratando de ofrecernos, ao mesmo tempo, respostas que nos axuden a entender o abismo existente entre a situación das mulleres e a súa relación co mundo laboral.

A través dunha exposición didáctica e cun estilo directo e ameno que incita á reflexión, o lector atopará en cada un dos capítulos, tal e como o

recolle a propia autora na introdución da súa obra, unha análise exhaustiva e en profundidade, dende distintas perspectivas, da situación en que se achán as mulleres no mundo laboral, así como o estudo daqueles factores ou elementos que condicionan un óptimo desenvolvemento vital e profesional deste colectivo.

Tras o prólogo, no que Carmen Alborch –presidenta da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades, e coñecida escritora e defensora da igualdade entre mulleres e homes– pon de manifesto o interese e o sentido desta obra e ofrécenos un marco de reflexión acerca da desigualdade que persiste na sociedade actual, abórdanse os contidos en seis capítulos.

No primeiro “El ayer de las mujeres en Francia y España”, esbózase, dende un punto de vista histórico, a situación da muller en España e en Francia no ámbito político, social e laboral dende o século XVIII ata o XX. Faise referencia tamén ao feminismo como movemento de reivindicación da identidade da muller a través da descrición das súas modalidades, obxectivos e principais características.

Comeza o seguinte capítulo cunha descrición das “Teorías y enfoques que explican la situación de la mujer en el mercado laboral”. A profesora Rosario Gil expón de modo preciso os trazos máis destacables das Teorías Neoclásicas -Teoría do Capital

Humano, Teoría da Nova Economía da Familia e Teoría do Logro do Status-, a Teoría da segmentación do mercado, as Teorías marxistas contemporáneas, a Teoría da segregación ocupacional, da división sexual do traballo e do feminismo radical.

A “Participación de la mujer en el mercado laboral” é obxecto de estudo no capítulo terceiro. Partindo dunha panorámica xeral da situación da muller en Europa e noutros países en relación co emprego, lévase a cabo unha análise detallada da evolución das taxas de actividade e paro femininos e masculinos en España dende 1980 ata o ano 2003. Recóllense deseguido os trazos característicos do emprego feminino: tipos de ocupacións, modalidades de contratos, subemprego, traballo doméstico e economía encuberta.

No capítulo cuarto, “Factores de discriminación por razón de género”, analízanse os factores que inflúen e caracterizan a discriminación de xénero e limitan a incorporación da muller ás distintas esferas da vida pública. Son vinte e un os factores que se sinalan e cuxas características principais son obxecto de atención aquí.

Non podería rematar este percorrido pola dialéctica muller-emplego sen unha referencia ás “Políticas sociales frente a la discriminación de género”, que se tratan no capítulo quinto. A lectura desta parte permítenos un achegamento ás distintas políticas de igualdade que se desenvolve-

ron tanto no ámbito internacional como na Unión Europea, a través de directivas e programas de acción dirixidos a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Non faltan tampouco neste capítulo, referencias ás políticas de igualdade en España e na Comunidade Autónoma de Andalucía.

Para finalizar, a autora ofrécenos, “A modo de conclusión”, unha serie de reflexións sobre a temática do libro, así como liñas de actuación para optimizar a inserción laboral das mulleres.

En síntese, a presente obra permítenos aproximarnos a unha maior comprensión da realidade laboral e social que viven as mulleres na actualidade. M^a Rosario Gil Galván non só soubo transmitir con claridade, amplitude e rigor os temas tratados na obra, froito de moitos anos de esforzo e dedicación, senón que o seu traballo é un alento máis para as mulleres e homes que nos dedicamos aos estudos de xénero e para todas e todos os que loitan pola consecución dunha sociedade máis xusta na que a igualdade de oportunidades sexa unha realidade.

M^a Josefa Mosteiro García
Universidade de Santiago de Compostela